



JLML/MVL/JMCA/mfr

En cumprimento do disposto no artigo 12.1 da *Orde do 22 de febreiro de 2012 pola que se convocan axudas para a realización de actividades de formación en linguas estranxeiras no ano 2012, destinadas ao alumnado dos centros docentes sostidos con fondos públicos, en réxime de concorrencia competitiva.* (DOG do 5/03/2012) remítense, co rogo da súa divulgación entre a comunidade educativa do seu centro, as seguintes listaxes:

- Solicitudes coa documentación correcta -Anexo I.
- Solicitudes que precisan da emenda dalgún aspecto -Anexo II.
- Solicitudes excluídas, indicando as causas de exclusión -Anexo III:
 - a. Fóra de prazo.
 - b. Non cumprir algún dos requisitos establecidos no artigo 3º da Orde de convocatoria.
 - c. Non cumprir co procedemento establecido no artigo 5º da Orde de convocatoria.

Estas listaxes poderán ser consultadas na páxina web <http://www.edu.xunta.es/axudasle>. Así mesmo, as especificacións referidas ás emendas e ás exclusións se consultarán a través da opción “3. Estado solicitude” do menú establecido nesta páxina web.

Ábrese un prazo de 10 días (dende o 9 de maio ata o 18 de maio) para emendar os erros e a falta de documentación, así como para efectuar reclamacións ou renuncias.

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2012

O SUBDIRECTOR XERAL DE ORDENACIÓN E INNOVACIÓN EDUCATIVA E
FORMACIÓN DO PROFESORADO,



SR./A DIRECTOR/A DO CENTRO